

Fronte á Reforma Escrivá: paremos os recortes e a privatización das pensións públicas.

Recuperar o poder adquisitivo de pensións e salarios, e pensións mínimas dignas.

Declaración das Plataformas e Movementos de Pensionistas dos Pobos e Comunidades do Estado, que se relacionan ao final.

9 de decembro 2022

Despois das mobilizacións que os pensionistas organizamos en defensa do Sistema Público de Pensións (SPP), o 15 de outubro en Madrid e o 19 de novembro en todo o estado, **trasmitimos una vez máis as nosas demandas aos grupos políticos do Congreso dos Deputados.**

Fomos recibidos por partidos como o PSOE, UNIDAS PODEMOS, ERC, EHBILDU, BNG e COMPROMÍS; agradecemoslles a súa atención. Outros partidos manifestaron a súa imposibilidade de reunirse, e non temos noticia algunha nin do PP nin de CIUDADANOS, que amosan así claramente a súa posición respecto ao SPP, que non é outra que destruílo para establecer un modelo de Seguridade Social asistencial, no que o sistema público abone pensións de miseria.

Valoramos positivamente as xuntanzas mantidas coas forzas políticas mencionadas, mais alén das palabras, **votamos en falta feitos que garantan as nosas reivindicacións básicas y urxentes** e nos dean garantías para o futuro. E, para mostra, estes días soubemos pola prensa da nova reforma recollida no Decreto Lei anunciado polo Ministro Sr. Escrivá, no que **se pretende aumentar o número de anos cotizados para o cálculo da base reguladora da pensión.** De novo **o poder político se está sometendo ao ditado do poder financeiro español e europeo** que, reforma tras reforma, pretende reducir as pensións públicas, presentes e futuras, e os nosos dereitos como persoas pensionistas.

Nesta situación, as organizacións de pensionistas **non temos máis alternativa que seguir na rúa**, porque só coa mobilización poderemos frear esas estratexias e conseguir mellorar as condicións de vida das persoas pensionistas tal como o fixemos até agora. E, tamén, **imos a seguir presionando aos grupos políticos e gobernos** para que fagan efectivas as nosas demandas e cumbran os seus compromisos.

Reafirmámonos nas nosas exixencias básicas para **garantir pensións públicas dignas xustas e suficientes** e para **defender o Sistema Público de Pensións diante dos intentos de privatizalo.**

Demandamos con carácter de urxencia **un reparto xusto da riqueza e un cambio radical da actual política económica**, que ocasiona que cada vez menos persoas acumulen máis poder e diñeiro a costa de salarios, pensións e servizos públicos.

Ao tempo, **reclamamos o dereito democrático á interlocución social**, en nome das organizacións pensionistas que subscribimos esta declaración, pois a mesa de concertación social establecida non é representativa do conxunto do colectivo pensionista.

Reiteramos os compromisos que lles demandamos aos grupos políticos do Congreso:

1. **Recuperar o poder adquisitivo de salarios e pensións, restablecendo a paga compensatoria correspondente.** Malia que, grazas ás mobilizacións que realizamos, conseguimos que as nosas pensións medren un 8,5% no ano 2023, cómpre ter en conta que desde a entrada en vigor da Lei 21/2021, é dicir durante os anos 2021 e 2022, temos sufrido unha perda do 7% do noso poder adquisitivo
2. Exiximos que se garante a **revalorización das pensións en función del IPC acumulado interanual** (o chamando IPC Real).

3. **Eximimos a inmediata suba das pensións mínimas** para garantir que non haxa pensionistas que estean por debaixo do umbral da pobreza. O 60,2% dos pensionistas do Estado Español non chegan a 1.000 euros ao mes, a cantidade na que está fixado o Salario Mínimo Interprofesional (SMI) desde o inicio de 2022. Exiximos que a pensión mínima se equipare ao SMI, y que este se sitúe no 60% do salario medio como recomenda a Carta Social Europea.
4. **Acabar coa fenda de xénero en salarios e pensións**, que se vai a agravar coa proposta de Escrivá, de incrementar os anos para o cálculo das futuras pensións.
5. Eximimos que, de inmediato e con garantías, **se realice a Auditoría da Seguridade Social** recollida na Lei 21/2021 cuxo prazo de execución se incumpriu. Estamos convencidos de que a auditoría vai darnos a razón e certificará que o sistema é sostíbel, e que non se poden xustificar os recortes.
6. **Derrogar os recortes das reformas de pensións de 2011, 2013, e 2021 e a promoción dos plans de pensións privadas de emprego** (Lei 12/2022) con recursos de la Seguridade Social. Denunciamos ademais que, lonxe de moderarse a súa promoción, medraron as comisiones da xestión privada autorizadas no primeiro regulamento da Lei que se coñece, cedendo o Goberno, unha vez máis, diante da banca privada.
7. **Eliminación dos coeficientes redutores** as longas carreiras de cotización con máis de 40 anos cotizados.
8. **Rexeitamos a descapitalización da Seguridade Social**, xa que están liquidando os seus activos inmobiliarios (propiedade de todas as persoas pensionistas e traballadoras) como parte do proceso encuberto de privatización, que inclúe a “Axencia da SS” que se propón crear o Goberno.
9. Así mesmo **rexeitamos o incremento dos anos para o cálculo da base reguladora da pensión** que só ten o obxectivo de reducir as pensións futuras, ao tempo que reclamamos volver ao período de cálculo de 15 anos anterior á reforma de 2011. Igualmente rexeitamos o procedemento para a súa aprobación que elude o debate parlamentario.

Acordamos **seguir coa nosa campaña de sensibilización**. Explicaremos, ao conxunto da sociedade, que a Seguridade Social é das persoas traballadoras; que o noso Sistema Público de Pensións (SPP) é un sistema de reparto que se mantén en base as cotizacións dos e das traballadoras; que as pensións son salario diferido; que está demostrando que el SPP é sustentábel malia os continuos intentos de acabar con el; e que nos dirixiremos á cidadanía actualmente traballadora, que serán as principais vítimas das últimas reformas do SPP, para crear as condicións de novas mobilizacións partilladas.

Traballadoras e traballadores en activo, persoas pensionistas, homes e mulleres novos, ..., **temos as mesmas reivindicacións urxentes**: recuperar o poder adquisitivo de salarios e pensións, pular e desenvolver os servizos e as políticas públicas que, garantan mediante un reparto equitativo da riqueza, o acceso a unha vida digna de ser vivida.

GOBERNE QUEN GOBIERNE AS PENSIONES DEFÉNDESE !!!

ASJUBI40 (Asociación Jubilación Anticipada sin Penalizar),

COESPE (Coordinadora Estatal por la Defensa del Sistema Público de Pensiones),

EHPM (Movimiento de Pensionistas de Euskal Herria),

MADPP (Movimiento Andaluz en Defensa de las Pensiones Públicas),

MODEPEN (Movimiento Galego en Defensa das Pensións e os Servizos Públicos),

UNIDAD COESPE,

PLATAFORMAS DE PENSIONISTAS de Badajoz, Móstoles, ...